

# Elas fano en galego

## Poesía:

*Metáfora da metáfora*  
(1991)

*Despertar das amantes*  
(1993)

*Catro poemas a  
Rosalía* (1997)

*Lesbiar* (2015)

## Narrativa xuvenil:

*O segredo da Pedra  
Figueira* (1986)



## Narrativa:

*A orella no buraco* (1965)

*Amantía* (1984)

*Amor de tango* (1992)

*Meu pai vaite matar* (2011)

## Teatro:

*Antígona, a forza do sangue*  
(1989)

*Clara Campoamor e a defensa do  
voto feminino* (inérita). Lectura  
dramatizada.

## María Xosé Queizán (Vigo, 1939)

María Xosé Queizán é escritora, catedrática de lingua e literatura galega xubilada e a figura máis relevante do movemento feminista en Galiza.

Licenciouse en Filoloxía Hispánica, Sección Galego-Portugués na 1ª promoción (1978). Foi alumna de Ricardo Carvalho Calero e logo exerceu como profesora de Lingua Galega e Literatura durante moitos anos en Vigo.

Na súa faceta de **escritora** tratou todos os xéneros e todos desde o punto de vista do **feminismo**, obxecto central da súa obra. De aí que fose a creadora e directora da **revista *Festa da palabra silenciada*** (1983).

Como **tradutora** tamén se centrou en obras de mulleres, poñendo en galego textos de Marguerite Yourcenar, Karen Blixen ou Emilia Pardo Bazán.

Ten moitos **premios** pola súa obra, pero destacamos especialmente o de Día das Galegas nas Letras (2016) e o Premio de Igualdade Ernestina Otero do Concello de Vigo (2019)

Información tirada de: [https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa\\_Xos%C3%A9\\_Queiz%C3%A1n](https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_Xos%C3%A9_Queiz%C3%A1n) e <https://praza.gal/cultura/maria-xose-queizan-e-a-palabra-como-arma>

**Feminista nas obras literarias e nos feitos.**